



CONCURSO NOVAS FOLLAS E CANTARES

de microrrelatos, poemas breves e ilustracións

1ª Edición

PIOSAN
IES

BASES DO CONCURSO

Microrrelatos:

Haberá sucesivas roldas de microrrelatos que deberán incluír nalguna parte do texto o verso de Rosalía de Castro que se propoña. A extensión dos textos abranguerá un máximo de 200 palabras escritas **en galego**.

Poemas breves:

Os poemas deberán conter o verso de Rosalía de Castro que se propoña en cada rolda e terán un mínimo de 4 e un máximo de 6 versos escritos **en galego**.

Ilustracións:

A modalidade de ilustración terá que inspirarse no verso proposto por medio dunha fotografía, debuxo, pintura, etc. orixinal.

Lugar de publicación dos versos, dos prazos de entrega e dos gañadores-as: Taboleiro e monitor do vestíbulo e Instagram.

Participantes: Alumnado da ESO, que se repartirá en 2 categorías: **1 e 2º da ESO** **3 e 4º da ESO**

Premios:

Premios por rolda: vale por un bocadillo e unha bebida para consumir na cafetería do centro para os textos e ilustracións gañadores por categoría.

Premios finais: un vale de 50 euros por categoría e modalidade (microrrelato, poesía e ilustración) para gastar no comercio local.

Os premios finais resolveranse na Semana das Letras Galegas.

Os premios, tanto parciais como finais, poden quedar desertos.

Datas:

A primeira rolda comezará o **mércores 24 de febreiro**, día de Rosalía, e o prazo de entrega rematará o **venres 12 de marzo ás 14:25 horas**.

Como participar:

Os textos deberán presentarse nun sobre pechado no que, **no anverso**, deberá escribirse: *nome e apelidos, curso e título da obra*.

Estes datos tamén se incluírán **no pé de páxina** de cada texto. No caso das ilustracións os datos irán no reverso destas.

Poderán entregarse aos profesores/as de galego ou na urna que estará dispoñible na Conserxaría.